



**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
XGL/2017/7	A Xunta de Goberno Local

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	13 de febreiro de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 20:20 ata as 21:10 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretaria</b>	BERTA ALONSO SOTO

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 23 E 30 DE XANEIRO DE 2017**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 23 e 30 de xaneiro de 2017.

**2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN**

**2.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, aos seguintes solicitantes:



Concello de Cangas

SOLICITANTE	LUGAR DA INSTALACIÓN
D.M.G.	AVDA. DA CORUÑA, Nº 121-SAN PEDRO-DARBO <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



### **3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS**

#### **3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

##### **3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES**

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licencias urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licencias que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

- a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.
- b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.
- c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a



interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

**\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.**

EXPEDIENTE Nº 23.511.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.594.- A J.R.B., con enderezo en Eirado do Costal, nº 9-Cangas, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.

### **3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES**

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou, outorgar as seguintes licencias de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licencias que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con



competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 26.219.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, con enderezo en Travesía de Vigo, nº 104-Vigo, para en vivenda unifamiliar sita en Camiño de Geu, nº15-O Igrexario–O Hío, executar 4,00 metros de canalización de rede de baixa tensión, de conformidade co proxecto SGD 248316080104, de 17 de novembro de 2016 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de novecentos cincuenta e dous euros con cinco céntimos (952,05 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar



un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

**Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.**

#### **4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

##### OBRAS

EXPEDIENTE Nº 352/17 (Nº 26.241).- A L.C.P., para realización de obras de limpeza e pintado de fachadas da edificación sita en rúa Berbetaña, nº 10-Cangas, de conformidade co estudo técnico elaborado polo arquitecto técnico R.S.C. de decembro de 2016. O presuposto de execución material ascende a catrocentos vinte e cinco euros con trinta e catro céntimos (425,34 €).

EXPEDIENTE Nº 360/17 (Nº 26.249).- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS “ATRANCO, 7”, para reparación de patio interior de edificio sito en rúa Atranco, nº7-Cangas, de conformidade coa documentación anexa á solicitude e ao estudo básico de seguridade elaborado polo arquitecto J.A.F.M. O presuposto de execución material ascende a catro mil novecentos cincuenta euros (4.950,00 €).

EXPEDIENTE Nº 354/17 (Nº 26.250).- A R.O.S., para modificación porta entrada local sito na rúa Palma, nº7-Baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 362/17 (Nº 26.252).- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS “AVENIDA DE ORENSE, 19”, para reparación de cuberta-terraza de acceso a edificación existente sita na Avenida de Ourense, nº19-Cangas, de conformidade co estudo básico técnico elaborado polo arquitecto J.R.L., en data decembro de 2016. O presuposto de execución material ascende a trece mil setecentos noventa e oito euros con vinte céntimos (13.798,20 €).

##### ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.916/16.- A M.J.R.M., para cambio de titularidade de local para floristería sito en rúa San José, nº80-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.944/16.- A M.S.D.P., para cambio de titularidade de local para axencia de promocións publicitarias sito na Avda. de Bueu, nº5-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.961/16.- A TEDRESGUEL, SL, para perruquería sita na Avda. Méndez Núñez, nº 6-baixo-Cangas.



EXPEDIENTE Nº 1.970/13.- A COMERCIAL BASTOS, SL, para comercio de materiais de construción e artigos de instalación sito na Avda. de Vigo-esquina rúa María Soliño-baixo- Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.991/16.- A ÓPTICA MARÍN, CB, para óptica sita na Avda. Méndez Núñez, nº 7-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.997/16.- A L.M.V., para cambio de titularidade de bar/cafetería sito en rúa do Hío, nº16-baixo-Cangas.

#### **5º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

##### **5.A) DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes desfavorables da Tesourería Municipal, acorda denegar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

<b>SOLICITANTE</b>	<b>GARANTÍA</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>OBXECTO</b>
JUAN CARLOS RODRÍGUEZ LLANOS	FIANZA	3.561,31 €	LICENZA Nº 20.501. EXPEDIENTE Nº 20.637

#### **6º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

6.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO Nº 35/2017 DITADO POLO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 2 DE CANGAS NA PEZA DE TAXACIÓN DE CUSTAS 528/2015 0001 (PROCEDIMENTO DE ORIXE MONITORIO 528/2015)

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 07.02.2017, referente ao Decreto nº 35/2017 ditado polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrución n.º 2 de Cangas na peza de taxación de custas nº 528/2015 0001 (procedemento de orixe monitorio nº 528/2015, que é como segue:

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO Nº 35/2017 DITADO O DÍA 26/01/2017 POLO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 2 DE CANGAS NA PEZA DE TAXACIÓN DE CUSTAS 528/2015 0001 (PROCEDIMENTO DE ORIXE MONITORIO 528/2015) (X-16/05 // 316/2017)*

*Visto o Decreto de data 26/01/2017 ditado na peza de taxación de custas 528/2015 (dimanante do MONITORIO 528/2015) que se tramita no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Cangas, que na súa parte dispositiva acorda ‘aprobar a taxación de custas practicada neste proceso data 27.09.2016, por importe de douscentos catorce euros con cincuenta e dous céntimos (214,52 €), ao pago da cal foi condenada a parte’.*



*Polo exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Recoñecer, con cargo á aplicación orzamentaria 920.22604, a obriga por importe de douscentos catorce euros con cincuenta e dous céntimos (214,52 €), en concepto de custas derivadas da peza de taxación de custas 528/2015 (dimanante do MONITORIO 528/2015) que se tramita no Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Cangas.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao Decreto nº 35/2017 ditado polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Cangas na peza de taxación de custas nº 528/2015 0001.

**6.B) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE AUTO DE DATA 07/09/2016 RECAÍDO NA PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN Nº 13/2015 DERIVADA DO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 475/2012 TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE PROMALAR SL**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 09.02.2017, referente a Auto de data 07.09.2016 recaído na peza separada de execución nº 13/2015, derivada do procedemento ordinario nº 475/2012, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, promovido por "PROMALAR SL", que é como segue:

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE AUTO DE DATA 07/09/2016 RECAÍDO NA PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN Nº 13/2015 DERIVADA DO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 475/2012 TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE PROMALAR S.L. (X-12/45)*

*Visto o contido do auto de data 07/09/2016 recaído na peza separada de execución 13/2015 derivada do procedemento ordinario nº 475/2012 (expte. municipal X-12/45 339/2017) seguido a instancia de PROMALAR SL, que dispuxo literalmente:*

*“-ACÓRDASE ESTIMAR A SOLICITUDE efectuada pola representación procesal de ‘PROMALAR, SL’, DECLARANDO que o CONCELLO DE CANGAS DEBERÁ ABOAR o*





*interese agravado do Artigo 106 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, e por iso o Concello de Cangas deberá ABOAR a 'PROMALAR, SL', a cantidade de vinte mil setecentos un euros con oitenta e seis céntimos (20.701,86 €).*

*Notifíquese a presente resolución ás partes presentadas, facéndolles saber que, contra esta cabe interpor RECURSO DE APELACIÓN dentro dos quince días seguintes ao da súa notificación, mediante escrito razoado que deberá conter as alegacións en que se fundamente o recurso e do que coñecerá o Excelentísimo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Artigos 80 e 109 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa)'.  
'*

*Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 19/09/2016 se dispuxo tomar coñecemento do referido auto e pedir da representación do Concello de Cangas se procedese a interpor recurso contra este.*

*Visto que con data 06.02.2017 foi presentado informe por J.R.V.C. (avogado do Concello no citado procedemento) no que expón que aínda que se interpuxo o recurso de apelación nos termos solicitados non se chegou a formalizar a presentación perante a Sala do TSXG para evitar a imposición de custas e os gastos de procurador, dado que consultado o TSXG por parte deste se indicou que non se ía admitir o recurso de apelación por mor de non superar a contía de trinta mil euros (30.000,00 €) con base no disposto no artigo 81.1 a) da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de vinte mil setecentos un euros con oitenta e seis céntimos (20.701,86 €) a favor da mercantil PROMALAR SL.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda deixar sobre a mesa este asunto, pendente de mellor estudo.

**6.C) DACIÓN DE CONTA DE P.O. N°100/2016-B (DECRETO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N°1)**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento dos seguintes datos, remitidos polo departamento de Urbanismo:



*“PO 100/2016 B.- DECRETO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1*

*- A persoa recorrente: V.M.R.G.*

*- Contido: ter por desistido ó procurador J.A.G.G. en nome e representación do recorrente, V.M.R.G., declarando a terminación deste procedemento. Sen imposición de costas.*

*-Deixar sen efecto o sinalamento acordado para a práctica da proba e comunicalo ás testemuñas-peritos citados.*

*- Librar oficio á administración demandada con certificación desta resolución e devolución do expediente administrativo.*

*- Arquivar as actuacións unha vez firme esta resolución.*

*- Unir certificación literal desta resolución ao procedemento e o orixinal ao libro correspondente.*

*- Cabe interpoñer recurso de revisión”.*

## **B) ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro) se adoptaron os seguintes acordos:

### **B.1) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN DE UN/UNHA TRABALLADOR/TRABALLADORA SOCIAL COMO FUNCIONARIO/FUNCIONARIA INTERINO/INTERINA PARA O CONCELLO DE CANGAS**

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 9 de febreiro de 2017, de aprobación de bases para a selección de un/unha traballador/traballadora social como funcionario/funcionaria interino/interina para o Concello de Cangas, que literalmente di:

*“A Xunta de Goberno Local en sesión de data 12.09.2016, a proposta da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade acordou iniciar o expediente para a contratación de persoal para cubrir o posto de traballador/traballadora social no Centro Municipal de Benestar Social, proceso que viría motivado pola ampliación da subvención outorgada pola Xunta de Galicia para o financiamento do servizos sociais comunitarios.*

*Por resolución de data 19/12/2016, notificada con rexistro de entrada neste Concello nº 18478 do 30/12/2016, confirmouse a citada ampliación do financiamento outorgado para os servizos sociais comunitarios deste Concello.*



*De acordo co disposto no artigo 9 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia e 2 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento estes servizos teñen un carácter predominantemente local, están referenciados a un territorio e a unha poboación determinados e constitúen o punto de acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais. Estimando que se trata de exercer unha competencia que cubre necesidades urxentes e inaprazables e nun eido esencial, especialmente nestes últimos anos nas que o risco de exclusión se viu especialmente agravado pola crise económica, cumprindo ademais co mínimo de postos esixidos pola normativa en vigor, procede aprobar a presente convocatoria do proceso selectivo e as bases que rexerán este.*

*Coa entrada en vigor da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, existe a obriga, por principio, de cubrir os postos de traballo nas distintas administracións públicas por persoal funcionario, ofrecendo a posibilidade de proceder á cobertura deste tipo de postos de traballo con persoal funcionario interino.*

*Visto que as características da praza que se convoca son funcionariais resulta axeitado, ao abeiro do disposto nos artigos 10 do Rdl 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 23 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia e tendo en conta que segundo o artigo 22.3 desta última norma establece o carácter funcional con carácter xeral dos postos de traballo nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei, enténdese axeitado que se convoquen as prazas sinaladas como persoal funcionario interino encadrable dentro da previsión contida no artigo 23.2.c da Lei 2/2015 citada ao tratarse da execución do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais presentado por este Concello, programa de carácter temporal e de duración determinada que non responde a necesidades permanentes da Administración, xa que depende para o seu sostemento do financiamento que se outorga pola subvención outorgada, sendo incerto o dies ad quem desa eventualidade, polo que a duración se prevé en tres anos a contar desde a data da toma de posesión, podendo producirse con anterioridade a extinción deste.*

*Visto o que antecede e sendo a Xunta de Goberno Local a competente para aprobar as bases e a convocatoria das prazas indicadas con base na delegación realizada pola Alcaldía, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección para a cobertura de un posto de traballador/traballadora social como funcionario/funcionaria interino/interina para o Concello de Cangas, bases que achegan como anexo á presente proposta de resolución.*

*SEGUNDO.- Convocar a praza mencionada e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda a súa cobertura co carácter de funcionario/funcionaria interino/interina para o proxecto indicado anteriormente.*

*TERCEIRO.- Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestes.”*

*Visto o disposto no informe de secretaría de data 13 de febreiro de 2017 e malia o sinalado no informe de intervención da mesma data.*



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección para a cobertura de un posto de traballador/traballadora social como funcionario/funcionaria interino/interina para o Concello de Cangas, que literalmente din:

*“BASES PARA A SELECCIÓN DE UN/UNHA TRABALLADOR/TRABALLADORA SOCIAL COMO FUNCIONARIO/FUNCIONARIA INTERINO/INTERINA PARA O CONCELLO DE CANGAS*

*PRIMEIRA.- OBXECTO, MODALIDADE DE COBERTURA, SISTEMA DE SELECCIÓN E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA*

*O obxecto das presentes bases é a selección de unha praza de traballador/a social GRUPO A SUBGRUPO A2, COMPLEMENTO DE DESTINO NIVEL 24 (cun salario bruto anual de 27.693,82 euros pagas extras incluídas)*

*A modalidade de cobertura será a de funcionario/funcionaria interino/interina acollido a un programa de carácter temporal, modalidade prevista no artigo 23.c da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.*

*O procedemento selectivo de acordo co establecido no artigo 10.2 do TREBEP e 24 da Lei 2/2015 realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrència.*

*A duración inicial do nomeamento estenderase por un período de tres anos a contar desde a data da toma de posesión, sen prexuízo da súa terminación anticipada por calquera das circunstancias previstas na normativa de aplicación e en particular pola concorrència de calquera das previstas no artigo 24 da Lei 2/2015.*

*Cos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que resultase seleccionado, procedendo ao chamamento e ao nomeamento do seguinte aspirante en puntuación.*

*O sistema de selección será o de oposición libre.*

*SEGUNDA.- PUBLICIDADE*

*As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e*



*na páxina web do Concello ([www.cangas.gal](http://www.cangas.gal)) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións ás bases ademais de publicarse un anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.*

*De presentarse reclamacións ás bases no período indicado –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.*

*O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.*

### **TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES**

*Para seren admitidos/admitidas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:*

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consoante o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.*
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.*
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.*
- d) Estar en posesión do Título de Diplomatura universitaria en Traballo Social, Grao en Traballo Social ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro se deberá estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que o acredite, no seu caso, a homologación.*
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de*



*acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.*

*No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.*

*f) En cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.*

*g) Posuír o carné de conducir B.*

#### **CUARTA – SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN DESTAS.**

*As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar presentando a instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no rexistro de xeral de entrada do Concello de Cangas no prazo de vinte días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no boletín oficial da provincia e en horario de atención ao público.*

*A presentación de solicitudes poderá facerse en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax ao 986304850 ou por correo electrónico ao enderezo electrónico [xuridico@cangas.gal](mailto:xuridico@cangas.gal), unha copia da instancia con anterioridade ó remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, para os efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/admitidas.*

*Estas solicitudes obrigatoriramente deberán presentarse no modelo oficial que achega ás presentes bases como anexo e na que se inclúe a declaración de cumprimento dos requisitos indicados na base terceira subscribindo o compromiso de achegar a certificación negativa do Rexistro central de delincuentes sexuais, previsto no artigo 13.5 da Lei Lei Orgánica 1/1996, de Protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado no caso de resultar seleccionado/seleccionada.*



*Dita solicitude irá achegada da seguinte documentación:*

- Fotocopia do DNI ou NIE.*
- Fotocopia da titulación esixida (base terceira, letra d).*
- Xustificante acreditativo do pago das taxas (base oitava) .*

*A non presentación da instancia asinada ou dos documentos anteriores será motivo de exclusión.*

*Por outra banda a efectos de quedar exento da realización do terceiro exercicio da fase de oposición obtendo a cualificación de apto os aspirantes que o desexen deberán presentar dentro*

*do período de presentación de instancias o título acreditativo de estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – nivel 4 (CELGA 4) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Perfeccionamento.*

*Toda a documentación aportada deberá presentarse cotexada co orixinal.*

*Os/as aspirantes quedan vinculados/as ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.*

*Ao final do proceso selectivo o/a aspirantes seleccionado/a deberá acreditar documentalmente o cumprimento dos requisitos da convocatoria sen prexuízo da posibilidade de requirir a calquera aspirante presentado durante o proceso para que acredite o cumprimento deses requisitos.*

#### **QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

*Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no taboleiro de anuncios deste Concello. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión.*



*No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello.*

*O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva. Igualmente se en calquera momento da tramitación do proceso de selección se comproba que o/a aspirante carece deses requisitos malia figurar incluído na lista de admitidos será excluído inmediatamente.*

#### **SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

*O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Podendo constituírse coa asistencia de tres dos seus membros titulares ou suplentes.*

*Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.*

*Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade que convoca, cando concorran neles algunha circunstancia provista no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

*A composición efectiva do tribunal, así como a data das probas farase pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.*

*O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.*

#### **SÉTIMA.- FORMA DE DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO, CONTIDO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

*A oposición consistirá na realización dos tres exercicios que a seguir se relacionan aos que se accederá previo chamamento único para a realización de cada proba:*





### ***PRIMEIRO EXERCICIO. PROBA DE COÑECEMENTOS***

*Exercicio obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito, un cuestionario de 30 preguntas tipo test, con catro respostas alternativas por pregunta, nun tempo de sesenta minutos, en relación co temario xeral e específico reproducido a continuación. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada e as preguntas non contestadas non se puntuarán.*

*Puntuación máxima por este exercicio 40 puntos sendo preciso obter un mínimo de 20 puntos para superalo e pasar á seguinte fase.*

### ***SEGUNDO EXERCICIO. PROBA SUPOSTO PRÁCTICO***

*Exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución dun suposto práctico relacionado co contido do programa no tempo que determine o tribunal. Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos e á resolución dos problemas prácticos presentados.*

*Puntuación máxima por este exercicio 60 puntos sendo preciso obter un mínimo de 30 puntos para superalo e pasar á seguinte fase.*

### ***TERCEIRO EXERCICIO. PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA***

*Consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto. Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditaran no prazo de presentación de instancias o título acreditativo de estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – nivel 4 (CELGA 4) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Perfeccionamento. (Achegarase copia compulsada)*

### **TEMARIO CONVOCATORIA DE PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL INTERINA**

#### ***PRIMEIRA PARTE:***

*1.- A Constitución española de 1978, dereitos e deberes dos españois.*



2.- *O Municipio, organización e competencias.*

3.- *O procedemento administrativo: Prazos, fases, revisións, reclamacións, recursos e responsabilidades das administracións públicas.*

4.- *A protección de datos*

**SEGUNDA PARTE:**

5.- *Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: Principios xerais.*

6.- *Os servizos sociais comunitarios en Galicia e o seu financiamento.*

7.- *Competencias das entidades locais en materia de servizos sociais. Constitución española. Lei reguladora de bases do réxime local e marco competencial autonómico de Galicia.*

8.- *O traballo social: concepto, funcións e niveis de intervención, fundamentos e principios.*

9.- *O Proceso metodolóxico no traballo social.*

10.- *Recursos técnicos de Traballo social (Técnicas, Instrumentos, soportes documentais e informáticos)*

11.- *Ética profesional e Código deontolóxico do traballo social.*

12.- *Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.*

13.- *A poboación inmigrante. Lei orgánica 8/2000, de 22 de decembro, de reforma da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social: Reagrupamento familiar e arraigo.*

14.- *As persoas con discapacidade: Normativa, valoración, recursos..*

15.- *Muller: CIM, Programas e Axudas as mulleres vítimas da violencia de xénero en*



*Galicia.*

*16.- Maiores: Recursos e programas.*

*17.- Dependencia: Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción de autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia. Procedemento para o recoñecemento, catalogo de servizos do SAAD e prestacións.*

*18.- O servizo de axuda no fogar (SAF): Normativa, coordinación e funcionamento.*

*19.- Familia, infancia e adolescencia: papel dos servizos sociais de atención primaria. Absentismo escolar.*

#### *OITAVA. – DEREITOS DE EXAME*

*Será requisito necesario para poder participar na proba selectiva o aboamento dos dereitos de exame dentro do período previsto para a presentación de instancias, achegándose o xustificante do ingreso xunto coa instancia.*

*Segundo o establecido na ordenanza fiscal municipal correspondente a cantidade a aboar é de 17,04 €*

*O pago deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello.*

*A ausencia de aboamento das taxas de participación, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e no poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.*

#### *NOVENA.- CUALIFICACIÓN, PROPOSTA E NOMEAMENTO*

*Rematado o proceso de selección, o tribunal determinará a cualificación final do proceso. Esta será a suma da puntuacións obtidas.*

*No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase por sorteo entre os aspirantes empatados.*



*A continuación, o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará á Alcaldía a correspondente proposta de nomeamento que incluíra os aspirantes propostos para ser nomeados/as funcionarios/ interinos/as e os/as propostos/as para integrar o listado de substitucións do persoal seleccionado que estará constituído por aqueles aspirantes que tendo superado a puntuación mínima non obtivesen praza por orde de puntuación.*

*O Concello de Cangas procederá ao nomeamento como funcionarios/as interinos/as dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas nesta convocatoria, previa presentación da documentación acreditativa dos requisitos establecidos na base terceira.*

#### **DÉCIMA.– INTERPRETACIÓN DAS BASES**

*As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e os/as aspirantes que participen no proceso.*

*O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que expoñan a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.*

#### **UNDÉCIMA. – NORMA FINAL**

*A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*Así mesmo a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

#### **INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL PARA O CONCELLO DE CANGAS**

**APELIDOS, NOME:**

**DNI:**

**TELÉFONO:**



**ENDEREZO:**

*Solicita ser incluído/incluída na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo para a cobertura de unha praza de traballador/traballadora social convocado polo Concello de Cangas.*

*Por medio do presente declara que non se atopa incurso/incursa en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente, non padece enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas e que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base terceira) e que non foi separado/separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Comprometéndome a achegar a certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais previsto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado no caso de resultar seleccionado/seleccionada.*

*Cangas, de ...de ....2017*

*Asdo. : .....*

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:**

- A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.
- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da titulación esixida (base terceira letra d).
- Xustificante acreditativo do pago das taxas.
- No seu caso, documentación acreditativa título exención exame galego. “

**SEGUNDO.-** *Convocar a praza mencionada e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda a súa cobertura co carácter de funcionario/funcionaria interino/interina para o proxecto indicado anteriormente.*

**TERCEIRO.-** *Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestas”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de bases para a selección de un/unha traballador/traballadora social como funcionario/funcionaria interino/interina para o Concello de Cangas.



## **B.2) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN DA LÍNGUA GALEGA**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 09.02.2017, referente a aprobación de conta xustificativa de subvención concedida para a promoción e desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega, que é como segue:

### *“PROPOSTA*

*Que en relación coa axuda concedida polo importe de cinco mil cincocentos cincuenta euros con dezasete céntimos (5.550,17 €) para a promoción e desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega no ámbito local ao abeiro da solicitude formulada por este Concello, ao abeiro das bases publicadas pola Deputación Provincial de Pontevedra, no BOP de data do 23.02.2016.*

*Vista a memoria redactada polo técnico municipal, Estanislao Graña García, na que fai constar o desenvolvemento do programa e o cumprimento da finalidade da subvención concedida.*

*Visto o informe da Intervención Municipal da toma de razón na contabilidade das facturas que constan no expediente.*

*Propoño á Xunta de Goberno Local:*

***Primeiro.-*** *Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida para a promoción e desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega, polo importe total de catro mil trescentos trinta e tres euros con trinta e sete céntimos (4.333,37 euros IVE), de conformidade á seguinte desagregación:*

<b><i>Emisión Factura</i></b>	<b><i>Nº factura</i></b>	<b><i>Concepto</i></b>	<b><i>Importe</i></b>	<b><i>Data da Resolución de aprobación factura. Data pagamento</i></b>
<i>16/08/2106</i>	<i>Aeme soluciones gráficas 53114088G</i>	<i>Revistas, encuadernación, diseño portada, pegatas e distribución</i>	<i>1.203,10</i>	<i>30/08/2016 08/09/2016</i>
<i>22/06/2016</i>	<i>Irisar, diseño e impresión S.L.L. B36400067</i>	<i>Folletos “María Soliño”</i>	<i>272,25</i>	<i>07/07/2016 19/07/2016</i>



27/12/2016	<i>Pik, deseño e servizos gráficos rotulación</i> 52494374W	<i>Programas Nadal</i>	900,24	29/12/2016 16/01/2017
28712/2016	<i>Rinoceronte Editora, SLU</i> B36501880	<i>Edición do libro de historia de Cangas de Xerardo Dasairas</i>	1959,78	29/12/2016 18/01/2017

**Segundo.-** *Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican.*

**Terceiro.-** *Que de conformidade coa memoria redactada polo técnico municipal, Estanislao Graña García co desenvolvemento do programa para a dinamización lingüística deuse cumprimento á finalidade da subvención concedida.*

**Cuarto.-** *Que para esta mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de conta xustificativa de subvención concedida para a promoción e desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega.

### **C) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA**

Dáse conta de Resolución da Alcaldía do día 14.02.2017, referente a solicitude de subvención á Axencia de Turismo de Galicia, para a promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, que é como segue:

#### **“RESOLUCIÓN**

#### **SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA TURISMO DE GALICIA, PARA PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA**

*Publicada no DOG do 19.01.2017 a Resolución da Axencia Turismo de Galicia de data do 29.12.2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvención a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia para o ano 2017.*

*Vista a memoria redactada pola técnica municipal e na que fai constar a declaración do Semana Santa de Cangas de interese turístico galego, por Resolución de 12 de novembro de 2002, (DOG 29 de novembro de 2002), é intención deste Concello continuar na promoción e fomento desta, conservando a súa calidade e axudando o mantemento da*



*súa singularidade, arraigamento e valor cultural. Características que provocan que sexan miles as persoas que se achegan ao noso municipio para contemplar as procesións que percorren as rúas e poder admirar as ricas tallas articuladas, case únicas en Galicia, que gardan un valor histórico-artístico pois levan o selo do mestre Cerviño, escultor do famoso Cruceiro do Hío. Os pasos procesionais, engalanados para a ocasión, convértense no centro desta manifestación de relixiosidade popular que comeza co Setenario da Santísima Virxe dos Dolores e culmina co Domingo de Resurrección.*

*Son as cinco confrarías: Confraría da Misericordia, Asociación do Santísimo Cristo do Consolo, Irmandade da Virxe dos Dolores e da Soidade, Agrupación de San Pedro, e Asociación Cultural Cristo Resucitado, as que, coordinadas polo párroco e coa colaboración do Concello de Cangas, promoven esta vivencia relixiosa e amosan o tesouro cultural que custodian durante todo o ano.*

*Tendo en conta que a Concellería de Turismo de Cangas, ten por obxecto promover e difundir a presenza activa de Cangas no mercado turístico, mediante a potenciación dos seus recursos e atractivos entre os que se atopa a Semana Santa, emprega os medios mais axeitados para espertar o interese dos potenciais visitantes, labor que realiza neste caso en concreto a través da edición de material de promoción e a confección dunha axenda cultural que inclúe actuacións durante a realización das diferentes procesións.*

*Polo que esta Alcaldía RESOLVE:*

*Primeiro.- Solicitar unha axuda á Axencia Turismo de Galicia polo importe de catro mil cincocentos euros (4.500,00 €), para apoio, promoción e difusión da SEMANA SANTA DE CANGAS-2017, de conformidade á seguinte desagregación:*

<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE</i>
<i>Carteis e dípticos de Semana Santa 2017</i>	<i>1.350,00 €</i>
<i>Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión da Borriquilla, o Domingo de Ramos</i>	<i>250,00 €</i>
<i>Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión da Soidade, o Mércores Santo.</i>	<i>250,00 €</i>
<i>Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión da Santa Cea, o Xoves Santo.</i>	<i>250,00 €</i>
<i>Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión de San Pedro, o Venres Santo</i>	<i>250,00 €</i>
<i>Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión do Encontro, o Venres Santo.</i>	<i>250,00 €</i>
<i>Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión de Enterro, o Venres Santo.</i>	<i>250,00 €</i>





<i>Actuación do Grupo de Gaitas Tromentelo na procesión do Enterro, o Venres Santo.</i>	<i>700,00 €</i>
<i>Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión do Silencio, o Venres Santo.</i>	<i>250,00 €</i>
<i>Actuación do Grupo de Gaitas Tromentelo na procesión de Cristo Resucitado, o Domingo de Resurrección</i>	<i>700,00 €</i>
<b><i>TOTAL</i></b>	<b><i>4.500,00 €</i></b>

Segundo.- Declarar que para esta mesma actuación non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención.

Terceiro.- Comprometerse ao financiamento que non resulte subvencionado ao abeiro deste convocatoria, ata o importe total da execución prevista.

Cuarto.- Dar conta de esta Resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención á Axencia de Turismo de Galicia, para a promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia.

**D) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/RECOÑECIMENTO DE CUSTAS DERIVADAS DA PEZA DE TAXACIÓN DE COSTAS 47/2015 0001 DERIVADA DO PROCEDIMENTO ABREVIADO 47/2015 TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE MANUEL VALLADARES CARBALLO**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 10.02.2017, referente a recoñecemento de custas derivadas da peza de taxación de costas nº47/2015 0001, derivada do procedemento abreviado nº47/2015, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Pontevedra, a instancia de Manuel Valladares Carballo, que é como segue:

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO DE CUSTAS DERIVADAS DA PEZA DE TASACIÓN DE COSTAS 47/2015 0001 DERIVADA DO PROCEDIMENTO ABREVIADO 47/2015 TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSOADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE MANUEL VALLADARES CARBALLO*

*Visto o Decreto ditado en data 10/06/2016 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra na Peza de Tasación de Costas 47/2005 0001, no Procedemento abreviado nº47/2015, instruído a instancia de MANUEL VALLADARES CARBALLO.*



*Vista a Dilixencia de Ordenación ditada en data 08/02/2017 na que se require o cumprimento do Decreto de data 10/06/2016, no que aproba definitivamente a taxación de custas por importe de douscentos euros (200,00 €), a cuxo pagamento resultou condenado este Concello no prazo de dez días.*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Recoñecer a obriga por douscentos euros (200,00 €), en concepto de custas procesais con base no disposto no decreto de data 10/06/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra recaído na Peza de Tasación de Costas 47/2015 0001 no Procedemento abreviado nº 47/2015, instruído a instancia de MANUEL VALLADARES CARBALLO.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Urbanismo, Intervención e Tesourería, ordenando o pago inmediato toda vez que a dilixencia remitida concede un prazo máximo de dez días e, de non executalo nese prazo procederase a súa exacción sen mais trámite pola vía de constrinximento”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a recoñecemento de custas derivadas da peza de taxación de costas nº47/2015 0001, derivada do procedemento abreviado nº47/2015, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Pontevedra, a instancia de Manuel Valladares Carballo.

### **E) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO ASCENSOR INSTALADO NO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 08.02.2017, referente a prórroga do servizo de mantemento do ascensor instalado no Centro Sociocomunitario, que di o seguinte:

#### **“PROPOSTA RELATIVA Á PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO ASCENSOR INSTALADO NO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO**

*Visto o contrato asinado en data 15.03.2012 coa empresa Ascensores ENOR SA, para a prestación do servizo de mantemento do ascensor instalado no Centro sociocomunitario, cuxa duración era 5 anos, polo que a súa vixencia expira o vindeiro 14.03.2017.*

*Visto que a intención deste Concello é unificar o servizo de mantemento de todos os ascensores situados en edificios municipais nunha soa empresa, para o cal mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.02.2017, iniciou a tramitación do correspondente expediente de contratación para a licitación e adxudicación do citado servizo.*

*Por todo o exposto, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte*



**ACORDO:**

*Primeiro.- Prorrogar o contrato suscrito coa empresa ENOR SA, o día 15.03.2012 para a prestación do servizo de mantemento do ascensor instalado no Centro sociocomunitario, estendendo a súa duración como máximo, ata a formalización dun novo contrato co adxudicatario que resulte da licitación que se está a tramitar.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a prórroga do servizo de mantemento do ascensor instalado no Centro Sociocomunitario.

**F) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/RESCISIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO ASCENSOR INSTALADO NO LOCAL DE ENSAIO DE CIMA DE VILA**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 10.02.2017, referente a rescisión do servizo de mantemento do ascensor instalado no Local de Ensaio de Cima de Vila, que é como segue:

**“PROPOSTA RELATIVA Á RESCISIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO ASCENSOR INSTALADO NO LOCAL DE ENSAIO DE CIMA DE VILA**

*Visto o contrato asinado en data 1.08.2012 coa empresa Ascensores ENOR SA, para a prestación do servizo de mantemento do ascensor instalado no Local de Ensaio de Cima de Vila, cuxa duración é de 5 anos, polo que a súa vixencia expira o vindeiro 31.07.2017.*

*Visto que a intención deste Concello é unificar o servizo de mantemento de todos os ascensores situados en edificios municipais nunha soa empresa, para o cal mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.02.2017, iniciou a tramitación do correspondente expediente de contratación para a licitación e adxudicación do citado servizo.*

*Por todo o exposto, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Denunciar o contrato suscrito coa empresa ENOR SA, o día 01.08.2012 para a prestación do servizo de mantemento do ascensor instalado no Local de Ensaio de Cima de Vila, comunicando á empresa que deberá continuar co servizo ata o 31.07.2017, data en que se terá por finalizado o referido contrato.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico e á empresa interesada”.*



**Concello de Cangas**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a rescisión do servizo de mantemento do ascensor instalado no Local de Ensaio de Cima de Vila.

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850